

certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima no sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

- Programas ou guías docentes de cada unha das materias superadas, expedidas polo centro correspondente e plan de estudos que inclúa as materias que se esixen para obter a titulación de orixe que se pretende recoñecer, selado polo centro de procedencia. Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.
- No caso de estudos parciais, declaración xurada de non ter finalizados os estudos que se pretende recoñecer, e en caso de que os estudos estean concluídos:
  - A. Declaración xurada de non ter iniciado simultaneamente un procedemento de homologación ou equivalencia ao nivel universitario oficial do título en España.
  - B. Denegación da homologación na que conste expresamente a posibilidade de recoñecer parcialmente materias nunha universidade española.
- O alumnado con titulacións de países alleos ao EEES, no momento da formalización da matrícula terá a certificación académica legalizada por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España. As seladas coa Apostilla de La Haya non precisan outra legalización diplomática ou consular. Estes requisitos non se esixirán para os documentos expedidos polas autorizacións de estados membros da Unión Europea ou signatarias do Acordo sobre o Espazo Europeo.

#### **D.4 Para quen solicite acceso ao curso ponte (2.7) ou para cursar outra mención (2.9)**

Ademais da documentación xustificativa que permita valorar a experiencia laboral e/ou os criterios específicos de selección indicados en cada caso, quen acadara o título noutra universidade presentará:

- Título oficial ou certificación do pagamento da expedición do título que da acceso
- Certificación académica coas cualificacións aos efectos de valoración do expediente
- DNI, NIE ou pasaporte
- Acreditación de lingua inglesa de selo caso (ver cadro 2 do anexo IV)

#### **D.5 Para quen pretenda realizar os RFC (2.8)**

- DNI, NIE ou pasaporte
- Resolución definitiva do ministerio para o seu cotexo

**D.6 Para quen solicite unha praza sobrante (2.11)** (Non presentar a documentación sinalada será motivo de exclusión no proceso de selección)

- DNI, NIE ou pasaporte
- Credencial, certificación académica ou título que habilite para o acceso.
- Quen solicite unha praza pola cota reservada para estudantes con discapacidade presentará o certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma.
- Solicitude de simultaneidade de estudos, de ser o caso.

**D.7 Para quen se matricule nunha titulación que esixa unha acreditación de lingua inglesa das indicadas nos cadros 1 e 2 do anexo IV**

- Certificación do nivel de inglés esixido. As certificacións válidas pódense consultar en na [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-07/certificados\\_reconocidos\\_por\\_acles\\_por\\_idioma.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-07/certificados_reconocidos_por_acles_por_idioma.pdf)